

## ADMINISTRACIÓN LOCAL

### MUNICIPAL

#### SANTIAGO DE COMPOSTELA

##### Secretaría Xeral

*Aprobación bases convocatoria "Premios Educacompostela"*

##### ANUNCIO

"A Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela, na sesión ordinaria que tivo lugar o día 27 de maio de 2016, adoptou o seguinte acordo:

23.-Proposta do concelleiro delegado de Educación e Cidadanía relativa á aprobación da 9ª edición dos premios Educacompostela.

Dáse conta á Xunta de Goberno da Cidade de Santiago de Compostela do informe-proposta do xefe do departamento de Educación e Cidadanía, de data 9 de maio de 2016, conformado coa mesma data polo concelleiro de Educación e Cidadanía, así como do informe de Intervención nº 265/2016 da técnico de Intervención, de 24.5.16, conformado pola Interventora municipal.

No devandito informe-proposta indícase o seguinte:

"Expediente: 9ª EDICIÓN DOS PREMIOS EDUCACOMPOSTELA DE RECURSOS EDUCATIVOS EN PROL DA INNOVACIÓN, A CALIDADE EDUCATIVA E A RENOVACIÓN PEDAGÓXICA

- APROBACIÓN DAS BASES DA CONVOCATORIA -

Iníciase a tramitación do expediente arriba indicado por orde do concelleiro delegado de Educación e Cidadanía, co obxecto de proceder á aprobación das Bases da 9ª EDICIÓN DOS PREMIOS EDUCACOMPOSTELA.

##### 1.- Antecedentes:

Os Premios Educacompostela, convocados polo concello de Santiago de Compostela (coa colaboración pedagóxica de Nova Escola Galega), naceron co fin de recoñecer, promover, premiar e difundir publicamente aqueles materiais educativos que polo seu valor e interese poidan contribuír ao desenvolvemento educativo de Galicia, favorecendo a innovación, a calidade na educación e a renovación pedagóxica.

##### 2.- Consideracións:

1. Para o procedemento administrativo, con carácter xeral, artigos 163 a 185 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, así como artigos 68 e seguintes da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

2. A temática desta 9ª edición será libre tal e como se recolle nas Bases que se achegan.

3. Os prazos para a presentación de traballos será dende o 17 de xuño ata o 16 de setembro de 2016.

##### 4. Bases:

1.- O Concello de Santiago de Compostela convoca os Premios Educacompostela (coa colaboración pedagóxica de Nova Escola Galega), co fin de recoñecer, promover, premiar e difundir publicamente aqueles materiais educativos que polo seu valor e interese poidan contribuír ao desenvolvemento educativo de Galicia, favorecendo a innovación, a calidade na educación e a renovación pedagóxica.

2.- Temática: Os materiais didácticos<sup>1</sup> poderán estar dirixidos aos diferentes niveis do ensino e poderá tratar sobre aqueles temas que o profesorado considere oportuno abordar no desenvolvemento do currículo nos seus centros educativos, ben sexa en educación infantil, primaria ou secundaria. Así mesmo, tamén se poderán presentar materiais elaborados e destinados para o contexto non formal e informal.

1 "Aqueles recursos didácticos elaborados intencionalmente para o ámbito formal, non formal e informal, co propósito fundamental de contribuír a facilitar os procesos de construción do coñecemento e de adquisición de valores, do alumnado e do profesorado. Adoitan presentarse baixo variadas formas e sistemas simbólicos e están ao servizo dun programa ou proxecto educativo".

## 3.- Dotación dos premios:

Primeiro premio:	1.200,00 €
Segundo premio:	900,00 €
Terceiro premio:	600,00 €
TOTAL	2.700,00 €

4.- Os materiais presentados deberán ser orixinais e inéditos. Deberán estar redactados ou elaborados en lingua galega. Non poderán participar aqueles traballos que foran premiados con anterioridade.

5.- Cada material ou conxunto de materiais deberá ir acompañado dun texto explicativo dun máximo de 15 páxinas que dea conta das súas características, estrutura, obxectivos, destinatarios/as, integración no currículo, proceso de elaboración, experimentación e avaliación seguido.

6.- Poderá participar individualmente ou en grupo quen teña producido materiais didácticos sobre os temas relacionados.

7.- Os orixinais para optar aos premios deberán rexistrarse ou entregarse no Rexistro Xeral do Concello de Santiago de Compostela entre o 17 de xuño e o 16 de setembro de 2016.

8.- No sobre exterior farase constar:

Concello de Santiago de Compostela  
Departamento de Educación e Cidadanía  
"9ª Edición dos Premios Educacompostela"  
Rúa do Presidente Salvador Allende nº 4  
15705 Santiago de Compostela

9.- Aceptarase os orixinais que cheguen por correo se levan a data do mataselos anterior á finalización do prazo de presentación.

10.- Tanto os concursantes individuais como os equipos deberán acollerse a un pseudónimo. No interior dun sobre pechado, rotulado por fóra co pseudónimo, incluírase:

- Datos da entidade ou do/a autor/a ou autores/as concursantes e copia dos documentos que acrediten a súa personalidade.

En caso de que a persoa concursante sexa un colectivo sen personalidade xurídica, deberá facer constar o importe do premio que corresponderá, se é o caso, a cada membro da agrupación, que terá a consideración de beneficiario. Asemade, nomearán unha persoa representante ou apoderada única, con poderes para cumprir as obrigas que correspondan á agrupación como beneficiaria.

- Domicilio profesional, teléfono e correo electrónico.

- Título do traballo presentado.

- Pseudónimo.

11.- O xurado está composto por: concelleiro de Educación e Cidadanía do Concello de Santiago de Compostela, dous representantes de Nova Escola Galega, dous representantes do Departamento de Educación e Cidadanía do Concello de Santiago, o director/a do Departamento de Didáctica e Organización Escolar da USC, un representante dos Centros de Formación e recursos de Galicia e un representante das editoriais de Galicia.

12.- As entidades convocantes comprométese a dar publicidade ás obras premiadas.

13.- Así mesmo, a presentación dos traballos supón a aceptación das bases desta convocatoria:

Os premios poderán ser declarados desertos.

As decisións do xurado serán inapelables.

Os premios están suxeitos a retención fiscal.

As cuestións non previstas nestas bases será resoltas polo xurado de acordo co seu libre criterio.

14.- Os Premios Educacompostela, resolveranse no exercicio 2016.

15.- O ditame do xurado será proposto para a súa aprobación pola Xunta de Goberno Local de Santiago de Compostela.

Departamento de Educación e Cidadanía. Tfno.: 981 55 44 00- 01

dptoeducacion@santiagodecompostela.gal

www.santiagodecompostela.gal

### 3.- PROPOSTA DE RESOLUCIÓN

1.- Aprobar as Bases da Convocatoria da 9ª edición dos “Premios Educacompostela”.

2.- Imputar os gastos derivados desta convocatoria á partida económica 080 32600 48901 dos orzamentos do ano 2016.”

Informados/as os/as concelleiros/as, a Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela acorda por unanimidade dos seus membros:

1.- Aprobar as Bases da Convocatoria da 9ª edición dos “Premios Educacompostela”.

2.- Imputar os gastos derivados desta convocatoria á partida económica 080 32600 48901 dos orzamentos do ano 2016.”

Santiago de Compostela, 1 de xuño de 2016.

O ALCALDE

Asdo:Martiño Noriega Sánchez

2016/4647